

AO EXCMO CONCELLO DE MOS

Praza do Concello, 1
Petelos, Mos.
36416 (Pontevedra).

Alegacións aprobación inicial MP nº1 PXOM Mos.

D/D^a,
maior de idade, con D.N.I., veciño de,
con enderezo en,
Provincia de, ante esa Administración
comparece e, respetuosamente, EXPÓN:

.- Que tomando coñecemento da aprobación inicial polo Pleno do Concello de Mos de 30.09.2019 da Modificación Puntual nº 1 do PXOM de Mos.

.- Que de acordo co establecido no Art. 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, formulo en tempo e forma as seguintes, ALEGACIONES:

Primeira .- A medio da Modificación Puntual nº 1 do PXOM de Mos se pretende proceder á reclasificación de 1.078.296 m² de solo rústico especialmente protexido como solo urbanizable, do cal se derivarán relevantes afeccións ao medio ambiente.

Segunda.- A zona correspondente co ámbito de dita Modificación Puntual ten unha orografía moi forte, de modo tal que resultará afectada de modo moi relevante a actual configuración da zona, co impacto paisaxístico que delo se derivará.

Terceira.- Polo que respectaría ao medio hídrico, resultan indiscutibles os graves impactos que se orixinarán, ao resultar afectado o Rego de Porteliña e as captacións para abastecemento de augas das que se abastecen os veciños da zona.

Cuarta.-Os novos viarios que se pretenden executar na zona, a maior abundamento da súa incidencia no solo e paisaxe, determinarán un notable incremento do tráfico rodado na zona, cos subseguintes efectos de contaminación acústica e do aire.

Quinta.- O patrimonio cultural da zona tamén resultará afectado ao intervirse sobre 18 elementos catalogados.

Sexta.- En atención ao exposto, tendo en conta a gravidade das afeccións sectoriais que se derivarían da Modificación Puntual nº 1 do PXOM de Mos, se considera que en modo algún podería primarse na decisión a adoptar o beneficio de intereses privados sobre os xerais dos veciños da zona.

SOLICITA que se teña por presentado este escrito, sírvase admitilo, unilo ao expediente da súa razón , e ter por formuladas as alegacións nel contidas, por ser o que procede conforme mellor dereito.

En _____ , a _____ de decembro de 2019